



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BERGONDO

Secretaría

Edicto de exposición pública da modificación do Regulamento de réxime interior da escola infantil municipal do Concello de Bergondo

Edicto de exposición pública da modificación do Regulamento de réxime interior da escola infantil municipal do Concello de Bergondo

Expediente. 2023/G014/000002

O Pleno do Concello de Bergondo, en sesión ordinaria celebrada o día 30 de maio de 2024, aprobou inicialmente a modificación do Regulamento de réxime interior da escola infantil municipal do Concello de Bergondo.

Por medio do presente edicto ábrese un período de información pública polo prazo de trinta días, contados a partir do seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poida ser examinado o expediente completo na secretaría do Concello e aos efectos de que polos interesados se poidan presentar as reclamacións ou suxerencias que se estimen oportunas. Expoñeráse tamén no Taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal <https://sede.bergondo.gal/sxc/gl/informacion/> o texto íntegro da modificación do Regulamento.

De conformidade co disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o acordo plenario inicial entenderase definitivo no caso de que non se presente ningunha reclamación, procedéndose á publicación íntegra do Regulamento á que fai referencia o artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril.

Bergondo, 3 de xuño de 2024.

A alcaldesa,

Alejandra Pérez Máquez

2024/3883